

Expediente núm.: 1650/2023

Procedemento: Actividades ou Cursos OMIX (Organización ou Inscripción)

Data de iniciación: 07/11/2023

BASES

I CARREIRA POPULAR SAN SILVESTRE FEST 2023 Concello de Soutomaioir

1.- ORGANIZACIÓN

O Concello de Soutomaioir organiza esta primeira carreira popular pedestre co fin de promover os valores solidarios e os hábitos saudables a través do deporte mediante a organización dunha proba deseñada para todas as persoas que promova a igualdade en contextos lúdicos e de esparcemento. A proba terá un carácter non competitivo e será inclusiva, solidaria e adaptada a todas as persoas.

Solidaria porque recolleremos alimentos non perecedoiros o mesmo día da proba que logo se destinarán ás persoas máis vulnerables, repartidos por Cáritas Arcade e de Soutomaioir.

Inclusiva porque responde á oportunidade de participación conxunta de persoas con e sen discapacidade, adaptándose ás posibilidades de cada persoa. O percorrido realizarase co acompañamento de persoas familiares ou amigas ou persoas voluntarias, de ser o caso. Á hora da inscrición será necesario cumprimentar o apartado de necesidades especiais e a entidade organizadora porase en contacto coa persoa.

Adaptada porque adecuarase a proba a cada persoa con necesidades. Desta maneira, a persoa participante con diversidade funcional poderá realizar un percorrido especial de aproximadamente 180 metros. Haberá outras medidas de apoio como unha cadeira adaptada, prestada pola Deputación de Pontevedra. Deberase consultar na Casa do Concello ou Pavillón da Montesiña polas medidas específicas para este proba no marco do programa "Soutomaioir Inclusivo".

2.- HORARIO DA CARREIRA POPULAR


Celebrarase o sábado 30 de decembro de 2023 a partir das 17:00 h. con saída e chegada na Alameda de Talo Río (Arcade) Concello de Soutomaioir.

3.- DISTANCIA E CARACTERÍSTICAS DO PERCORRIDO


Percorrido xeral que será aproximadamente de 1.9 km e pendente 45m+ e 45m- (ver plano 1) e percorrido pedestre adaptado 180 m (ver plano 2). Ambos polas rúas de Arcade nun circuíto urbano por asfalto pechado ao tráfico

Percorrido xeral: Talo Río – Rosalía de Castro - Xosé Solla – Rúa Calvario - Cruceiro Calvario- Rúa Lameiriñas – Rúa do Velero – Rúa Barroncas – Rúa Rosalía de Castro - Talo Río.





Plano 1




Plano 1



Percorrido adaptado:

Talo Río – Rosalía de Castro – Cruce Xosé Solla - Rúa Rosalía de Castro
- Talo Río.



Plano 2

4.- PARTICIPANTES

Poden participar todas as persoas maiores de 14 anos. Os menores de 14 anos deben ir acompañados/as dunha persoa adulta responsable durante todo o percorrido.

IMPORTANTE: As persoas con diversidade funcional ou necesidades específicas de adaptación deberán marcar na inscrición no apartado de observacións esta característica para que a organización poida adoptar as medidas necesarias. A organización porase en contacto con eles/as previamente.

Todas as persoas participantes deben reunir as condicións psicofísicas necesarias para poder solventar a carreira, gozar dunha boa saúde xeral e non padecer ningunha patoloxía que poida agravarse por dita participación na proba.

5.- ACCIÓN SOCIAL DA CARREIRA

Voluntariamente podedes traer un produto de alimentación imperecedoiro (preferentemente leite, aceite,...), a partires das 15:00 horas na Alameda de Talo Río o día 30 de decembro, para facerlle entrega a Cáritas Diocesana de Arcade e Soutomaior para ser repartidos entre as persoas con especial vulnerabilidade.

6.- INDUMENTARIA EN CARREIRA

É obrigatorio levar o dorsal ben visible, estirado no abdome, aínda que a persoa acuda disfrazada. No caso de que a persoa deportista leve disfraz e este dificulte a visibilidade ou a carreira para o resto de participantes, a criterio da



Organización, poderá ser descalificado/a e pediráselle que se retire do circuío, por seguridade.

7.- INSCRICIÓNS

Poderán tomar parte todas as persoas que así o desexen, sempre e cando os/as menores de idade, estiveran ao cargo da persoa titora legal ao longo de toda a carreira. Só se poderá tomar parte na proba con dorsal oficial.

A inscrición realizarase en liña na Web www.gabinetesoutomaior.com desde o 4 ata o 19 de decembro ata esgotar as prazas (500).

A recollida de dorsais farase no Pavillón Municipal de Deportes da Montesiña a partir do día 20 de decembro no seguinte horario de 16.30 a 21.30 h.

Calquera persoa poderá inscribir e recoller o dorsal doutra persoa cando teña autorización da persoa titular por escrito e ensino o DNI (por exemplo, unha foto do DNI por whatsApp).

8.- PREMIOS E CLASIFICACIÓNS

Non haberá clasificación de chegada, agás os dous primeiros homes e as dúas primeiras mulleres.

Agasallo para todas as persoas participantes:

Tarxetas desconto 5€ en sesión de adestramento persoal ou dietética con Lidia Mariño.

Nota: entrega ao finalizar a carreira entregando o dorsal na liña de meta.

Premio especial Soutomaior inclusivo:

1ª Mellor puntuación feminina
1ª Mellor puntuación masculina
2ª Mellor puntuación feminina
2ª Mellor puntuación masculina
3ª Mellor puntuación feminina
3ª Mellor puntuación masculina

Premios para as mellores puntuacións:

1ª Mellor puntuación feminina	Material deportivo valorado en 150€. Cuco Rodríguez.
1ª Mellor puntuación masculina	Material deportivo valorado en 150€. Cuco Rodríguez.
2ª Mellor puntuación feminina	1 Sesión fisioterapia con Manu Carrera e 1 pulseira de actividade física Fysis.
2ª Mellor puntuación masculina	1 Sesión fisioterapia con Aluem e 1 pulseira de actividade física Fysis.
3ª Mellor puntuación feminina	1 Sesión fisioterapia con Cecilia Rodríguez e 1 Sesión podoloxía. Clínica Ana Vidal Alfaro.



3ª Mellor puntuación masculina	1 Sesión fisioterapia con Cecilia. Rodríguez e 1 Sesión podoloxía. Clínica Ana Vidal Alfaro.
--------------------------------	--

Premios disfraces:

2 Melloras disfraces INFANTÍS ata 10 anos	<u>Bono agasallo 3 entradas Ecoparque</u> Marín
2 Melloras disfraces XUVENÍS 11-17anos	Bono agasallo 2 entradas Ecoparque Marín.
2 Melloras disfraces PERSOAS ADULTAS +18	Caixa de Albariño local + Vale 4 persoas Ostras
2 Melloras disfraces COLECTIVO	<u>Xantar/cea en Pizzería Capricho.</u>

Notas:

- As idades a ter en conta serán as cumpridas antes do 31/12/2023.
- Considéranse disfraces colectivos os que teñan relación entre si, conforme á temática, e que se despracen xuntos durante o percorrido da carreira.
- Todos os centros vinculados ás sesións de Fisioterapia ou saúde contan con rexistro sanitario.

Sorteo de

Lotes de produtos de benestar doados por comercio local.
E moito máis...

9.- XURADO

- Xuíces de saída e meta.
- Xuíces de disfraces en número impar composto por persoas animadoras que percorreren a carreira e valorarán os disfraces (criterios: creativo, divertido, simpático, solidario).

10.- ORDE DE SAÍDA

Obrigatorio que todas as persoas deportistas saian e cheguen pola liña de saída - meta, respectando a seguinte orde de saída:

- 1º Deportistas Soutomaior inclusivo 180 m (acompañadas persoa adulta).
- 2º Deportistas pedestres (menores de 14 anos acompañadas persoa adulta).
- 3º Deportistas con mobilidade reducida (carriños de crianzas, cadeiras de rodas,...).

Todas as persoas con mobilidade reducida (carriños de crianzas, cadeiras de rodas,...) teranse que poñer lonxe da primeira liña de saída para evitar indecentes propios da dinámica da carreira.

11.- DESCALIFICACIÓNS



Quedar \acute{a} descalificada toda persoa que:

- Non cumpra as distancias marcadas ou desacate as ordes de xuíces.
- proba ou da organizaci3n.
- Non leve dorsal oficial da proba.
- Manteña unha conduta violenta ou antideportiva.
- Deteriore ou tire lixo durante a proba.
- Calquera outra que atente contra este regulamento.

12.- CONSELLOS E NORMAS XERAIS PARA PARTICIPANTES

Os servizos polic \acute{a} local e protecci3n civil estar \acute{a} n situados ao longo do percorrido, as $\acute{ı}$ como na zona de sa $\acute{ı}$ da e de meta. A organizaci3n recomenda a todas as persoas que participan:

- Quentar antes de empezar a proba
- Correr relaxado/a e nunca por encima das t \acute{u} as posibilidades.
- Ao termo da proba, abrigarse e esperar a recuperarse para tomar calquera l $\acute{ı}$ quido, preferentemente auga.
- Lembrar que o m \acute{a} is importante \acute{e} poder seguir practicando este deporte durante moitos anos m \acute{a} is.
- Se van en grupo po \acute{n} erse nun lateral para deixar pasar ao resto de corredores e corredoras.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

QUECEMENTO previo en Talo R \acute{o}

Actividades abertas a todo o p \acute{u} blico que queira practicar divertirse ou quentar, sen ter que inscribirse. O obxectivo \acute{e} animar e dar ambiente e preparase para correr.

16.00 h	Masterclass ZUMBA AnimaOcio Mi \acute{u} dos
16.30 h	Masterclass BAILES VARIADOS Lucy Salsarrica

DISCO M3BIL

Ao finalizar haber \acute{a} unha festa amenizada pola Disco M3bil DJ en Talo R \acute{o} .

14.- AUTORIZACI3NS E PROTECCI3N DE DATOS

As persoas participantes autorizan \acute{a} organizaci3n para a captaci3n de imaxes durante a actividade e a s \acute{u} a utilizaci3n exclusiva para a promoci3n e difusi3n deportiva e institucional. Sen prexui \acute{z} o do dereito de acceso por revisi3n ou de cancelaci3n dos devanditos datos conforme \acute{a} lei de protecci3n de datos LOPD.

15.- OUTROS

A Organizaci3n non se fai responsable dos danos f $\acute{ı}$ sicos ou materiais, que os corredores/as poidan ocasionar a eles mesmos, a outras persoas ou a elementos materiais. A organizaci3n reservase o dereito a efectuar calquera modificaci3n nas condici3n indicadas, incluso a suspensi3n da proba si as condici3n meteorol3xicas, ou outras forzas de causa maior, as $\acute{ı}$ o aconsellan.

Todas as persoas participantes oficialmente rexistradas estar \acute{a} n cubertas por un seguro de accidentes que cubrir \acute{a} os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba, e nunca como derivaci3n dun padecemento ou tara latente, lesi3n, imprudencia, negligencia,



inobservancia das leis e do articulado do Regulamento, etcétera, nin os producidos nos desprazamentos ao e desde o lugar en que se desenvolva a carreira.

A organización declina toda responsabilidade en relación aos obxectos de valor extraviados durante a participación nesta proba.

16.- ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Todos as persoas participantes, por polo feito de inscribirse, confirman que leron, entenden e aceptan o presente regulamento.

Para poñerse en contacto coa organización, poderán facelo a través do correo: pavillon@soutomaior.gal

Mais información na Web da proba: www.soutomaior.gal

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

